

Expediente.: IN408A/2020/081

Denominación do proxecto: **Parque Eólico Serra da Piñeira**

Promotor: Enel Green Power España S.L.

Situación: Concellos de Becerreá, Baralla y Láncara (Lugo)

1 ANTECEDENTES

Con data 14/10/2022 recíbese na Área de Obras e Mantemento da Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do parque Eólico Serra da Piñeira, dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.1 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, facilitou a este organismo acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental (EIA) Parque Eólico Serra da Piñeira (Versión decembro 2021. Asinado 13/12/2021).
- Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape.

O Estudo de Impacto Ambiental presentado polo promotor inclúe un documento específico, *Anexo XI: Análisis de Afección al turismo*, no que se describen os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e se establecen medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

En base a esta documentación redáctase o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona.

TURISMO DE GALICIA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O Parque Eólico Serra da Piñeira localízase na provincia de Lugo, nos municipios de Baralla, Becerreá e Láncara. A ampla maioría dos aerogeradores e infraestruturas do parque eólico sitúanse no municipio de Baralla. O aerogerador SP06, xunto coa torre de medición, sitúanse no municipio de Láncara. Unha pequena parte da poligonal do parque sitúase no municipio de Becerreá.

Terá 35,00 MW de potencia nominal e constará de 6 aerogeradores de plataforma SG170 – 6.0 MW que están dispoñibles en diferentes potencias unitarias, seleccionándose: 5 aerogeradores de 6,00 MW e 1 aerogerador de 5,00 MW, con 170 m de diámetro de rotor e unha altura de buje de 115 metros.

A evacuación da enerxía eléctrica xerada polos aerogeradores realizarase a través de liñas subterráneas de Media Tensión (33kV) á SET "Serra da Piñeira".

As coordenadas dos aerogeradores proxectados son as seguintes:

Id	Aerogerador	UTM X ETRS89 H29	UTM Y ETRS89 H29
1	SP01	642.655	4.748.117
2	SP02	642.898	4.747.775
3	SP03	643.313	4.747.432
4	SP04	643.635	4.747.320
5	SP05	644.821	4.744.876
6	SP06	645.121	4.743.873

A SET 33/220 kV "Serra da Piñeira" recibirá a enerxía xerada do Parque Eólico "Serra da Piñeira", por medio das liñas subterráneas correspondentes, e evacuará a través dunha liña de Alta Tensión en 220 kV, obxecto doutro proxecto. Esta subestación dimensionarase para que sexa ampliable en previsión dunha potencial evacuación doutros parques na zona.

3 DESCRIPCIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico, e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.

A área de implantación do parque eólico pertence ó xeodestino Ánceres – Terras de Burón, a montaña lucense. Os concellos afectados sitúanse ó oeste da zona, funcionando como entrada para acceder a un dos principais enclaves naturais de Galicia: Serra dos Ancares. Considerado o maior espazo natural de Galicia, de fermosas paisaxes montañosas que, debido en parte o seu difícil acceso, as serras conservaron unha rica variedade de flora e fauna, ademais de curiosos núcleos rurais, e costumes e gastronomía secular, que o converte nun dos máis interesantes destinos de turismo interior. Destaca tamén a presenza





de dúas das rutas do Camiño de Santiago: o Camiño Francés, a máis importante e transitada, e o Camiño Primitivo.

O sector turístico da zona afectada baséase fundamentalmente nos valores naturais do entorno, as súas paisaxes e o patrimonio etnográfico, destacando as rutas e instalacións orientadas a un turismo activo, de natureza e aventura. Ó redor dos Camiños de Santiago desenvólvese tamén unha importante estrutura de acollida a peregrinos, baseada en albergues e pequenos establecementos turísticos, orientados a estanzas moi cortas, pero que tamén promoveu a aparición doutros servizos: restaurantes, tendas, espazos de descanso e lecer,...

Trátase en xeral dun turismo sen masificar, de proximidade, con pequenos aloxamentos de turismo rural e que conta con interesantes recursos ao aire libre vencellados á natureza e ao patrimonio cultural, ou á gastronomía de produto.

Na contorna do parque eólico atópase o núcleo poboacional de Becerreá, a un quilómetro de distancia aproximadamente. Neste núcleo concéntranse gran parte dos servizos da comarca dos Ancares, centro de saúde, restaurantes e establecementos hoteleiros, piscina e campo de fútbol municipal, estacións de servizo, o mercado gandeiro, etc.

3.1 Elementos de interese turístico no entorno do parque

A unha distancia de 10 km das infraestruturas do parque eólico localízanse os seguintes elementos de interese dende o punto de vista do patrimonio natural, cultural e paisaxístico:

3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

A calidade do entorno natural, a súa diversidade e o valor dos recursos naturais son tres dos aspectos máis valorados na elección dun destino de turismo da natureza¹. Estudos realizados a escala da Unión Europea sinalan que o 21% dos turistas valoran a presenza de lugares da Rede Natura 2000 á hora de seleccionar os seus destinos².

As instalacións do parque non afectan directamente a ningunha outra figura de protección, pero a menos de 10 km da poligonal do parque, atopamos os seguintes espazos baixo algunha figura de protección:

- ZEC Cruzul -Agüeira (ES112007), a uns 3,9 km ó leste do aeroxerador máis próximo
- ZEC Ancares-Courel (ES112001), a uns 8,3 km ó sur do aeroxerador máis próximo

¹ Secretaría General de Turismo, 2004. El turismo de naturaleza en España y su plan de impulso. Estudios de productos turísticos. Secretaría General de Turismo, Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.

² Bio Intelligence Service (2011), Estimating the economic value of the benefits provided by the tourism/recreation and Employment supported by Natura 2000, Final report prepared for European Commission-DG Environment.





- Área prioritaria e zona de protección de avifauna, segundo a Resolución de 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, cuns límites situados a uns 10,1km ó leste dos aeroxeradores máis próximos.

O parque eólico está incluído dentro da Reserva da biosfera Terras do Miño. A maior parte das infraestruturas localízanse sobre unha zona tampón, e os aeroxeradores SP01, 02 e 03 e a subestación estarían nunha zona de transición. A menos de 10 km das instalacións do parque estarían tamén as Reservas de Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá –a uns 3,6km ó leste do parque- e a Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Caurel – a uns 3 km ó sur-.

3.1.2 Elementos de interese turístico: patrimonio cultural e etnográfico

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades de lecer a menos de 10 km das infraestruturas do parque:

Denominación	Concello
CAPELA DE GRADÍN	Láncara
CAPELA DE SAN ANTONIO	Triacastela
CASA DO CONCELLO DE TRIACASTELA	Triacastela
CASA PEDERLADA - MUSEO DEL SÍLEX	Samos
CASA PEDREIRA	Triacastela
CASA-TORRE DE BASILLE	Baralla
CASA-TORRE DO BARRIO	Sarria
CASTIÑEIRO CENTENARIO	Triacastela
CONJUNTO SINGULAR DE SAN CRISTOVO DO REAL	Samos
CRUZUL-AGÜEIRA	Becerreá
IGREXA DE SAN COSME DE OUSELLE	Becerreá
IGREXA DE SAN MARTIÑO DE LOUSADA	Samos
IGREXA DE SAN ROMÁN	Samos
IGREXA DE SANTA MARÍA DE MONTÁN	Samos
IGREXA DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
IGREXA PARROQUIAL DE LÁNCARA	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍN DE NEIRA DE REI	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE BERSELOS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE RÍO	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE LÁNCARA	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE SETEVENTOS	Sarria
IGREXA PARROQUIAL DE SAN SATURNIÑO DE FERREIROS	Sarria
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CORVELLE	Sarria
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE LAMA	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE PACIOS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE VILAVELLA	Triacastela
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CEDRÓN	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE COVAS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE SOUTO	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE TRIACASTELA	Triacastela
IGREXA PARROQUIAL DE TOIRÁN	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE TOUBILLE	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE TRASLISTE	Láncara





Denominación	Concello
IGREXA PARROQUIAL DE VILALEO	Láncara
MIRADOR DE LAMAS	Triacastela
PAZO DE ARANZA	Baralla
PAZO DE ESPÍÑA	Baralla
PAZO DE LÁNCARA	Láncara
PAZO DE PERROS	Sarria
PAZO DE PIÑEIRO	O Corgo
PAZO DE SÁA O DE CEDRÓN	Láncara
PAZO DE VILAMEIXE	Baralla
PONTE DE CARRACEDO	Láncara
PONTE DE COVAS	Baralla
RÍO ORIBIO	Samos
SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
TORRE DE PIÑEIRA	Baralla

Dentro dos 10 km estudados atópase os seguintes **Bens de Interese Cultural (BIC)**:

- Torre de Neira ou Torre Vella (Baralla), a uns 7,3 km do aeroxerador máis próximo.
- Igrexa de Santa María de Penamaior (Becerreá), a uns 3,1 km de distancia do SP04.
- Fortaleza de Torés (Os Nogais), a 7,1 km ó sur do aeroxerador máis próximo.
- Cova Eirós (Triacastela), a uns 7,6km ó sur.

Neste entorno, o Plan Básico Autonómico recolle 482 elementos protexidos, entre os que hai numerosos hórreos, castros, mámoas, e construcións coma igrexas, pazos e casas grandes.

3.1.2.1 Camiño de Santiago

O parque sitúase entre o Camiño Francés, polo Sur, e o Camiño do Norte Interior, que discorre a máis de 10km do norte do parque. A traza do Camiño francés sitúase a uns 7,6 km da máquina SP06.

3.1.2.2 Outros puntos de interese

Ademais da información recollida nos visores de Turismo de Galicia, o Plan Básico Autonómico e o Catálogo das Paisaxe de Galicia, localizáronse a partir das páxinas de información turística dos concellos afectados outros elementos ou puntos de interese turístico no entorno como:

- Campo da feira de Pobra de S. Xiao. (Láncara)
- Museo de maquinaria agrícola. (Láncara)
- Praia fluvial de Láncara.
- Casa de Fidel Castro (Casa Ángel Castro). (Láncara)
- Área recreativa de Baralla.
- Río Neira.
- Ponte dos Mazos. (Baralla)
- Ponte de Covas. (Baralla)
- Parque de Valgamarín. (Becerreá)
- Festa da Terneira. (Becerreá)





- Iglesia de Cadoalla. (Becerreá)
- Monte dos Grobos. (Becerreá)

A raíz da crise da COVID-19 rexistrouse un importante incremento do turismo en autocaravana, xa que permite facer turismo local con total flexibilidade.

- Nun radio de 10 km do parque eólico localízanse 3 áreas de autocaravana (Baralla, As Nogais e Becerreá)

3.1.3 Elementos de interese turístico: paisaxe

No entorno do parque eólico, nun radio de 10 km, atopamos os seguintes elementos de interese turístico e paisaxístico:

3.1.3.1 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)

Dentro do radio de 10 km localízanse:

- AEIP_01_11 Cruzul-Agüeira, situada a aproximadamente 4km ao leste das instalacións do parque.
- AEIP_01_10 Río Navia, a uns 9 km ao leste das instalacións do parque.
- Algo máis alonxadas, a uns 11 km, atopamos AEIP_01_15 San Cristovo do Real-Renche e AEIP_01_07 O Courel.

3.1.3.2 Miradoiros:

- Miradoiro Pena Maior, a uns 2,6 km ó leste do SP05.
- Miradoiro da Pedreira 2, a uns 7 km ó oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro A Meda-Triacastela, a 5,5 km ó sur do parque.
- Miradoiro de Lamas, a uns 9 km ó sur da posición SP06.

3.1.3.3 Rutas de sendeirismo, cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:

Aínda que non hai afección directa sobre ningunha, dentro do radio de 10 km localízanse:

- NAT046 Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá), a máis próxima ó parque, a uns 2,2 km ó leste.
- PAT03 Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal)
- NAT047 Torallo-Torallo (Ribeira do Navia)
- NAT045 Fonfría-O Biduedo-lamas-Alence-Fonfría
- NAT057 Serra do Oribio (Triacastela-Monte Oribio-Triacastela)
- Itinerario panorámico de A pobra de Navia a As Pontes de Gatín
- Itinerario panorámico de Pedrafita do Cebreiro a Samos
- PR-G 134 Sendeiro Muíños do Nacente, a algo máis de 10 km ó norte da SP 01.





3.2 Establecementos turísticos

No visor da Axencia de Turismo de Galicia (www.turismo.gal), nun radio de 10 km atópanse os seguintes establecementos hoteleiros:

Denominación	Concello
A LAREIRA	As Nogais
O CARRO	As Nogais
O MUÍÑO	As Nogais
CASA LEJO	Baralla
O VILARPUNTEIRO	Baralla
APARTAMENTOS HERBON	Becerreá
CASA BOUZA	Becerreá
CASA POY	Becerreá
PENSIÓN R. HERBÓN	Becerreá
PONTES DE GATÍN	Becerreá
RIVERA	Becerreá
CASA DE LÁNCARA	Láncara
ALBERGUE DE PEREGRINOS DE CALVOR	Sarria
CASA CINES	Sarria
TORRE DO BARRIO	Sarria
A HORTA DE ABEL	Triacastela
ALBERGUE COMPLEXO XACOBEO	Triacastela
ALBERGUE DE PEREGRINOS DE TRIACASTELA	Triacastela
ALBERGUE REFUGIO DEL ORIBIO	Triacastela
ALBERGUE TURÍSTICO AITZENEA	Triacastela
ATRIO	Triacastela
CASA DA VEIGA	Triacastela
CASA DAVID	Triacastela
CASA OLGA	Triacastela
CASA PACIOS	Triacastela
CASA SIMON	Triacastela
CASA TECELÁN	Triacastela
EL BESO	Triacastela
FERNÁNDEZ	Triacastela
GARCIA	Triacastela
IBERIK HOTEL TRIACASTELA	Triacastela

Deles, os máis próximos ás infraestruturas proxectadas son O Vilarpunteiro e Casa Lejo, ambos en Baralla, a uns 2,3 km ó norte do SP01. A maioría dos establecementos hoteleiros localizados sitúanse no trazado do Camiño Francés.

3.3 Presenza doutros parques eólicos

Un factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución deste parque eólico podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxicos e acumulativos.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, nun radio de 10 km ó redor do parque localízanse posicións dos seguintes parques eólicos:





Denominación	Estado
MONTES DE ABELLA MODIFICADO	En funcionamento ou autorizado
SERRA DA LAGOA	En funcionamento ou autorizado
SERRA DO PUNAGO	En funcionamento ou autorizado
SERRA DO PUNAGO-VACARIZA	En funcionamento ou autorizado
MONTEIRO	En tramitación
REBOIRO	En tramitación
CHAO DO MARCO	En tramitación
SERRA DO COLMO	En tramitación
SERRA DO FURCO	En tramitación
LATRISA	En tramitación
MONTELORA	En tramitación
MONTES DE ABELLA	En tramitación
PENA DO PICO	En tramitación

4 ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

O Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra da Piñeira (Versión decembro 2021. Asinado 13/12/2021) inclúe un estudo específico sobre o impacto do proxecto sobre o turismo (Anexo XI). Neste estudo descríbense os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e defínense as medidas protectoras e correctoras a implantar.

O ámbito de estudo utilizado polo promotor é de 20 km ó redor das posicións do parque.

Polo que respecta á visibilidade das infraestruturas dende puntos de interese turístico, conclúese para os principais valores analizados que:

- Camiño de Santiago. O parque será visible dende aproximadamente 10,76 km do camiño Francés e 5,49 km do Camiño do Norte.
- Bens de Interese Cultural: localízanse 17 BICs na área de estudo. O parque será visible dende 4 deles: a igrexa de Santa María de Penamaior, situada a uns 3 km do parque; a Fortaleza de Tores, a uns 7 km e outros 2 máis (Torre con escudo e Castelo de Castroverde) a máis de 15 km.
- Polo que respecta a outros elementos patrimoniais do PBA, o parque é visible dende 411 dos 1.876 localizados, a maior parte deles (304) a máis de 10km do parque.
- O parque é tamén visible dende as ZEC Cruzul -Agüeira e Ancares-Courel, cunha porcentaxe de visibilidade do 1,72% e 11,08%, respectivamente.
- Localizáronse 16 aloxamentos e restaurantes na contorna de 20 km, determinando que parque será visible dende 52 deles, dos que máis cerca do 90% están situados a máis de 15 km.
- Polo que respecta ós valores panorámicos, o estudo sinala 10 miradores no entorno de 20 km, con visibilidade nos de A Meda-Triacastela, Cárcere, A Pedreira 2, Lamas e Pena Maior. Tamén haberá visibilidade en tramos dos sendeiros PR-G 134 Sendeiro





Muíños do Nacente, PR-G 133 Sendeiro Muíños do Poñente e PR-G 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal.

- As infraestruturas proxectadas serán visibles dende as AEIP A Marronda, O Ribón e Monte Grande Cruzul-Agüeira Devesas de Pintidoira e Vilaspasantes O Courel, nunha porcentaxe de superficie inferior ó 4%, e na de Os Ancares, cunha porcentaxe de visibilidade do 30,86%.

De acordó ó recollido no estudo, tamén se contemplou a incidencia acústica do parque sobre os elementos turísticos. No anexo VI. Estudo de Ruídos do parque eólico, móstranse varias modelizacións do nivel de ruído na contorna do parque en diferentes situacións de vento. O estudo céntrase no núcleo de Vilaesteva, situado a uns 600 metros da posición 06 e , de acordo ó mesmo, neste punto non se espera afección acústica de relevancia. Polo tanto, a área de afección acústica do parque non chegaría a afectar a ningún dos elementos turísticos contemplados neste estudo, xa que, de acordo á modelización realizada, os puntos de interese turístico sitúanse a unha distancia superior á área de incidencia acústica do parque eólico.

No que se refire ó impacto por parpadeo de sombras, especialmente nos establecementos hoteleiros máis próximos, o anexo non se localizou ningunha referencia. O EsIA inclúe como Anexo X un estudo de afeccións por efecto de sombra parpadeante. De acordo ó citado estudo, pódense descartar todas as incidencias por encima do limiar de 30 horas/ano sobre as xanelas dos receptores sensibles de tipo vivenda de uso residencial analizados. Non hai análise dende puntos de interese turísticos e utilízase un limiar sensiblemente superior ó recomendado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia.

O estudo de impacto sobre o turismo recolle no punto 6 unha serie de medidas preventivas e correctoras. Trátase de medidas de carácter xeral dirixidas a mitigar o impacto paisaxístico durante o proceso de deseño do parque. Non se propoñen medidas concretas sobre os elementos de interese turístico nin posibles compensatorias no sector turístico da zona. Tampouco se recollen medidas de control e seguimento sobre os puntos de interese turística afectados.

Non se avalía os posibles efectos sinérxicos sobre o turismo derivados da implantación de varias infraestruturas eólicas no mesmo entorno. No estudo de sinerxias do EsIA asúmese que o impacto acumulativo débese unicamente ó impacto paisaxístico, remitindo ó Estudo de Impacto e integración Paisaxística, no que non se avalía tampouco este aspecto.

5 CONCLUSIÓNS

Revisada a documentación presentada en relación ao Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Serra da Piñeira, nos concellos de Becerreá, Baralla y Láncara (Lugo) en relación co potencial impacto turístico que podería ocasionar, conclúese que, en xeral, o impacto sería de baixa magnitude, tanto na fase de obras coma na fase de funcionamento.





Non obstante, deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona:

1. Os aeroxeradores proxectados sitúanse próximos a varios puntos de interese turístico, en concreto:
 - ZEC Ancares-Courel
 - Camiño de Santiago – Camiño Francés
 - Camiño de Santiago – Camiño Primitivo
 - AEIP Os Ancares
 - Igrexa de Santa María de Penamaior

En xeral, os puntos sinalados atópanse a máis de 5 km do parque, polo que é de esperar que a nitidez das infraestruturas visibles sexa menor.

2. Posto que o principal efecto negativo da infraestrutura é a súa afección sobre a paisaxe, o promotor deberá analizar o impacto do parque e establecer medidas específicas para reducir a visibilidade da mesma dende os puntos antes sinalados. A selección destes puntos baséase nos estudos teóricos aportados polo promotor, non obstante, dadas as limitacións da técnica empregada, se unha vez instalados os aeroxeradores se detectasen novas incidencias que afectasen ao interese turístico dalgún enclave, aplicaráselle as mesmas medidas que se definen a continuación.

As medidas propostas no EIA son de carácter xeral. O promotor deberá establecer medidas concretas, como a creación de pantallas vexetais con árbores autóctonos naqueles tramos ou puntos de vista nos que a visibilidade das novas infraestruturas resulte especialmente impactante. No deseño destas medidas terase en conta tamén o posible efecto sinérxico con outros parques existentes ou en tramitación, de forma que minimicen o máximo impacto posible.

De detectarse algún establecemento hoteleiro directamente afectado pola visibilidade do parque eólico, e sempre que a perda de calidade visual estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que se instalarán sempre que resulten tecnicamente viables e se conte coa aprobación dos propietarios.

No caso de que non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto esperado, o promotor definirá medidas compensatorias destinadas ao fomento do turismo sustentable na zona, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, rutas megalíticas, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos afectados.

En concreto, para a compensación do impacto sobre o Camiño de Santiago deberán desenvolverse actuacións que melloren a experiencia dos peregrinos que circulan por el a diario, entre outras:

- Establecer áreas de descanso e/ou lecer.





- Restaurar tramos en mal estado e mellorar a seguridade e sinalización no Camiño.
- Promover actividades lúdicas e culturais nos núcleos polos que discorre o Camiño.

Estas actuacións deberán coordinarse cos concellos afectados e co organismo autonómico responsable da xestión do Camiño de Santiago.

As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coherentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.

3. As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos, e evitando a súa coincidencia con festas e actividades socio-culturais de importancia que se realicen na contorna.

A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto elementos de interese turístico (establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.) de forma que se limite as afeccións debidas a cambios na paisaxe, ruídos, emisións, etc, derivadas destas.

Evitarase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turísticos identificados. Nos casos nos que sexa necesario circular nas proximidades dalgún dos elementos sinalados, estableceranse limitacións na velocidade de maquinaria e vehículos e nos horarios de circulación de camiões e o número máximo de unidades mobilizadas por hora, evitando a realización de obras ou movementos de maquinaria fose do período diúrno (23h - 07h), en períodos de descanso e fins de semana e festivos, datas nas que é previsible que se produza unha maior demanda de servizos turísticos na zona.

No caso de que as obras afecten directamente a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelos abertos e facilitar o paso seguro aos usuarios das mesmas. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, o corte terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

No caso de que os traballos realizados alterasen o firme, cunetas ou calquera outro elemento dos roteiros afectados, procederase de forma inmediata á súa restauración, recuperando por completo a situación anterior.

4. O promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico:
 - Realizaranse medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hoteleiros situados a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores do parque eólico, de localizarse algún. Estes controis





realizaranse, polo menos, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque eólico e semestral durante o terceiro ano. No caso de que a campaña de medidas mostre valores superiores aos permitidos pola normativa vixente, estableceranse as medidas necesarias para garantir que se cumpran os niveis máximos permitidos.

- Así mesmo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas nos establecementos hoteleiros situados a menos de 10 veces o diámetro de rotor dos aerogeneradores, de existir algún. Esta análise levarase a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo. Para completar esta análise, simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento. De superarse os valores tomados como referencia no documento "Alcance do estudo de impacto ambiental de parques eólicos. Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022", 30 horas/ano no "Caso peor" e 8 horas/ano no Escenario "real", estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aerogeneradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto.

Este estudo realizarase unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos de funcionamento do parque eólico, de localizarse algún establecemento turístico susceptible de verse afectado polo efecto sombra parpadeante, e sempre que entre en funcionamento un novo parque eólico que poida xerar un efecto sinérxico ou acumulativo co parque eólico.

5. Non obstante ó anterior, estas medidas non será necesario sometelas a novo informe da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernaú, xefe da Área de Obras e Mantemento

